

REVÁLIDAS

3º
DE
PRIMARIA

6º
DE
PRIMARIA

4º
DE ESC

2º
DE BAC

O STEG
REXEITA
AS
REVÁLIDAS
QUE IMPÓN
A LONCE

REVÁLIDAS
EN 3º E 6º DE
ED. PRIMARIA

NON LEVES A/O
TÚA FILLA/O
ESE DÍA AO
CENTRO



A LOMCE E AS REVÁLIDAS

Entre as moitas medidas perniciosas que a LOMCE contempla, figuran no artigo 20.3 as chamadas "avaliacións diagnósticas externas", ou sexa, as "reválidas". No presente curso 2015/16 o alumnado de 3º e 6º curso de Educación Primaria, vai ser sometido a estas probas.

POR QUE NOS OPOÑEMOS ÁS REVÁLIDAS?

✓ Porque entran en clara contradición co método da avaliación continua e global.

✓ Porque colocan a tarefa avaliadora en axentes distintos ao profesorado que traballa e convive no día a día nos centros co alumnado que se verá sometido á proba.

✓ Porque supoñen someter a un estrés innecesario e contraproducente o alumnado destes cursos e, con el, ao profesorado que lle imparte aulas.

✓ Porque, en base a esas reválidas, preténdese establecer "rankings" de centros (artigo 147.2), isto é, listas de centros "bos", "regulares" e "malos" segundo o resultado das reválidas. Esas listas servirán logo para destinar máis e mellores recursos a uns e privar deses recursos a outros, rompendo a equidade e a igualdade de oportunidades.

✓ Porque, a partires deste curso, as reválidas comezarán a limitar ademais as opcións de continuación de estudos en niveis superiores para o alumnado que obteña malos resultados nelas: condenarán desde 3º de Primaria a unha parte non pequena do alumnado ao fracaso escolar e á exclusión.

QUE SE PODE FACER CONTRAS AS "REVÁLIDAS" NESTE CURSO?

Malia que non influirán na posibilidade de promoción, os resultados incorpóranse ao expediente, co cal pode haber nenas/os que queden xa "marcadas/os" por unha soa proba, sen ter en conta o contexto particular do alumnado.

Por iso mesmo, propoñemos que os Claustros e os Consellos Escolares se pronuncien masivamente contra a celebración destas probas, aprobando e facendo públicas resolucións en tal sentido e comunicándollas á Administración.

Paralelamente, facemos un chamamento explícito a pais, nais e/ou titores legais do alumnado de 3º e 6º de Primaria a non levar os/as seus/súas fillos/as ao Centro educativo no día en que estea prevista a celebración da reválida, como xeito de amosar o desacordo con esa proba e de reivindicar a súa eliminación

**NON LEVES A/O
TÚA FILLA/O
ESE DÍA AO
CENTRO**